

2. OUTROS XÉNEROS POÉTICOS DAS ÉPOCAS ARCAICA E CLÁSICA


Ademais da épica, no mundo grego apareceron unha serie de formas poéticas que, aínda partindo da linguaxe e os conceptos desenvolvidos por Homero e Hesíodo, tiñan un enfoque diferente, no que o eu poético pasa a primeiro plano.



Estes xéneros xa non empregarán o hexámetro, propio da épica, senón que se valerán dunha importante variedade de metros, que están a disposición do autor para aplicalos a unha ou outra temática; deste xeito, axiña se produciu unha especialización, e cada modalidade poética rematou por asociarse a uns esquemas rítmicos e a un instrumento musical determinado.

O noso coñecemento destes xéneros é bastante limitado, xa que na maioría dos casos só conservamos fragmentos de obras, que sen dúbida foron ben coñecidas na Antigüidade Clásica.

O primeiro poeta occidental conservado que emprega a primeira persoa nas súas composicións é Arquíloco de Paros (S. VII a. C.). Aínda que é imposible saber se os seus versos amosan o seu xeito de pensar e sentir ou se o eu poético é ficticio, o feito é que os fragmentos conservados dan a imaxe de un poeta moi directo nas súas afirmacións.



A súa linguaxe está tomada da épica de Homero, pero a temática é diferente: non trata do ser humano enfrontado a situacións límite e obrigado a importantes decisións, senón que describe situacións cotiás, e ás veces mesmo triviais.



As súas poesías de contido satírico son coñecidas como iambos (aínda que nelas emprega metros como o trímetro iámbico e o tetrámetro trocaico cataléctico¹) e, segundo parece, foron compostos para ser recitados. Outros fragmentos combinan esquemas rítmicos variados: denomínanse épodos, e eran interpretados ó son dun instrumento musical, aínda que non se sabe exactamente cal era.

Finalmente, Arquíloco tocou temas algo máis serios, mediante unha forma que consistía nunha estrofa básica de dous versos: un hexámetro -o da épica- e un pentámetro -igual, pero cun pé menos-. A esta modalidade poética chamóuselle elexía, e cantábase acompañada do αὐλός (un oboe de tubo dobre); hoxe en día o significado do termo é diferente: resérvase para un canto fúnebre.

Por outra banda, nas πόλεις gregas eran frecuentes as celebracións relixiosas, para as que se compoñían poemas longos destinados a ser cantados (e danzados) por coros de cidadáns, e



¹ O trímetro iámbico é unha sucesión de tres iambos (˘ ˘), mentres que o tetrámetro trocaico cataléctico consiste en catro troqueos, o último dos cales está truncado (˘ ˘).

para un público amplo. Os instrumentos empregados eran a lira e o αὐλός, e a temática adoitaba basearse nas lendas mitolóxicas.

Este xénero poético foi moi cultivado en Esparta, sobre todo no s. VII a.C., e por iso quedou establecido que o idioma empregado nas composicións fose, preferentemente, o dialecto dórico (aínda que o autor fose doutra zona de Grecia), o propio de Esparta e a súa rexión. Dividiábase en varios subxéneros: epitalamios (cancións de vodas), trenos (lamentos), peáns (loanzas a un deus), etc.

Os autores máis destacados foron Alcmán e Estesícoro. Logo dun certo esquecemento no s. VI a.C., durante o V esta modalidade tivo un renacemento debido a Simónides, Píndaro (cos seus epinicios, ou cantos en homenaxe ós vencedores nas probas deportivas dos festivais relixiosos) e Baquílides.

Nace illas do mar Exeo, pola súa parte, cultivouse un xénero de composicións diferente, coñecido como poesía monódica: en poemas breves, compostos en dialectos locais (dependendo do autor), e destinados a audiencias reducidas. O instrumento que os acompaña é a lira. Dous dos seus principais autores foron Alceo, Safo e Anacreonte.



2.1. Safo de Lesbos (ca. 650/610-580 a.C.)

Tivo sona na súa época por fundar na illa de Lesbos (aínda que ela era de Mitilene) unha escola poética feminina, que prosperou durante algúns anos, chegando a crearse varios grupos dentro dela, que competían entre si.

Só conservamos un poema completo e varios fragmentos soltos desta poetisa, nos que abunda a temática erótica, moitas veces de contido homosexual con protagonistas femininas. Algúns foron compostos con motivo de cerimonia nupciais, e son coñecidos, en conxunto, como epitalamios.

2.2. Alceo de Mitilene (ca. 625/620-580 a.C.)

Pertencía a unha familia nobre da illa de Lesbos, e viuse envolto nas loitas polo poder que se desenvolveron na súa época na cidade de Mitilene. Estas turbulencias políticas acabaron por forzar o seu exilio.

Contemporáneo e paisano de Safo, é posible que ambos se influísen mutuamente no seu labor literario. As composicións de Alceo só se conservan de maneira fragmentaria, e os temas que tocou van desde a política e a loanza ó viño ata os poemas de amor e os himnos aos deuses.

2.3. Anacreonte (ca. 574-485 a.C.)

Pouco sabemos da vida deste poeta, aínda que parece que desenvolveu a maior parte da súa actividade en Atenas. Durante moitos séculos tiveron sona os seus poemas, nos que lles canta ao amor (ao que considera algo fugaz e pasaxeiro) e ao viño (no contexto dos banquetes, un acto social moi do gusto dos homes gregos). Son comúns tamén nas súas composicións o rexeitamento da guerra e os lamentos polas incomodidades da vellez.